

PEZA DO MES

abril

2023



POTE. MODELO Nº 5



Pote. Modelo nº 5

No século XIX entra nas cociñas unha nova cacharrada de ferro fundido, produto das industrias de fundición que paseniño foi substituíndo os pucheiros de barro e caldeiros de cobre pola súa indubidable resistencia. Posiblemente, os primeiros utensilios de ferro foron traídos de Inglaterra para despois producirse en industrias nacionais, vascas principalmente. As marcas destas empresas figuran ben visibles nas pezas, que constitúen a orixe das baterías de cociña actuais, con alixeiramento de peso e modificación nas súas formas.

O pote é unha desas vasillas que se fabricaron de forma industrial na segunda metade do século XIX, mediante a vertedura de coada de ferro en moldes.

A Real Academia Española define «pote» como unha «vasilla redonda, xeralmente de ferro, con barriga e boca ancha e con tres pés, que acostuma ter dúas asas pequenas, unha a cada lado, e outra grande en forma de semicírculo, e que serve para guisar». O dicionario galego de Eladio Rodríguez define o pote como «unha vasilla de ferro redonda, con barriga ancha e boca menos ancha, en que se fai o caldo nas nosas aldeas. Ten tres pés con dúas asas pequenas xunto á boca, unha a cada lado e un aro que parte delas e serve para levalo dun sitio cara outro e para colgalo da gramalleira».

Xaquín Lorenzo Fernández, Xocas (1907-1989), historiador e escritor ourensán considerado un mestre

da etnografía galega, ao relacionar os utensilios de ferro para cociña en Galicia menciona caldeiros con forma cilíndrica e fondo esférico que se colgaban dunha cadea denominada gramalleira e cita: «na actualidade emprégase ferro fundido, sendo corrente atopar con este obxecto os potes de tres pés». Tamén similares aos potes, pero sen pés, con asas, barriga esférica e boca cilíndrica, menciona as potas e cazolas. Ademais, entre os utensilios de cociña había en Galicia tixolas ou filloeiras.

En Ourense, desde hai uns anos, existe a crenza de que o belga Manuel Malingre Parmentier trouxo o pote a Galicia desde Bélxica «ata os potes que agora se converteron en potes galegos tróuxoos de Bélxica o primeiro Malingre». Este pensamento foi propiciado por un artigo, no xornal local *La Región*, referido a unha conferencia que Anselmo López Moráis, cronista da cidade de Ourense, deu no ano 2002 no Ateneo e na que expuxo esta idea. Con todo, a realidade é ben diferente, como estudou Xoán Carmona Badía, economista e catedrático de Historia da Universidade de Santiago, o pote chega a Galicia con Antonio Raimundo Ibáñez marqués de Sargadelos, quen, pouco antes de 1770 e procedente de Oscos (Asturias), se instala en Ribadeo. Aquí dedicárase á importación de diferentes produtos, como bacallau de Rusia, téxtiles, cravazón ou os denominados por aquel entón «potes», procedentes de Bordeos. Anos despois establece unha fábrica en Sargadelos (Lugo) para a elaboración de obxectos de ferro e subministración de ferraxe, áncoras e, mesmo, munición para a mariña e pouco tempo máis tarde abre unha industria para fabricar potas de ferro, chamadas vulgarmente «potes», a imitación dos que traía de Bordeos. En 1808, debido á Guerra da Independencia, esta industria prospera fabricando munición e potes, pero, terminada a guerra, a produción de munición afúndese e a elaboración de potes vaise facendo insostible por ser unha industria pouco competitiva, por usar carbón vexetal en lugar de coque e, ademais, a zona quedou afastada dos novos medios de comunicación como a estrada que comunicou Galicia con Madrid ou o ferrocarril. Así, pronto se instalaron nas provincias da Coruña, Pontevedra e Ourense outras fábricas de fundición que lle fixeron a competencia, e Sargadelos cesa definitivamente en 1875.

En Ourense, o belga Manuel Malingre Parmentier, establece unha fundición que elaborou potes desde os seus inicios en 1864, ou polo menos esta produción

está documentada desde os anos 1867 e 1868 nas estatísticas mineiras desas datas publicadas pola Dirección Xeral de Agricultura, Industria e Comercio, así como nos libros de rexistro da contribución industrial existentes no Arquivo Histórico Provincial de Ourense dos mesmos anos. Os seus potes foron moi demandados desde toda Galicia, por seren sólidos e ben terminados na súa fabricación, e chegan a adquirir unha fama considerable.

Cando a fundición de Malingre, que estaba instalada no actual parque de San Lázaro da cidade, é herdada polos seus fillos: Antonio e Manuel Malingre Ludeña, trasládase a unha nova localización no barrio do Couto, cun amplo espazo destinado a fabricar os moldes para os potes que fornecían a toda Galicia. En 1915 ambos os dous irmáns separan as súas marcas de fundición, pero continúan fabricando potes, como queda reflectido por exemplo nas cabeceiras usadas nas facturas dos anos vinte pola fundición de Antonio Malingre, e tamén coñecemos que os elaborou Manuel Malingre Ludeña, de cuxa fábrica conservamos un folleto polo que podemos ademais coñecer os tipos de recipientes para cociña elaborados na súa industria.

A terceira xeración Malingre continúa comercializando estas pezas a partir dos anos 30 e ata o peche da fundición. No xornal local *La Región* existe unha reportaxe con documentación fotográfica de cando se pechou a fábrica, en xuño de 1979, e nesta pódese comprobar que había nos seus almacéns unha gran cantidade de potes recentemente fundidos. Nada estraño, pois como dicía Xaquín Lorenzo, aínda era frecuente o seu uso naquela época.

É difícil acceder a este tipo de recipientes por seren útiles de uso doméstico e atoparse case sempre no ámbito privado, pero o Museo Arqueolóxico de Ourense posúe un pote da Fundición Malingre que constitúe a peza deste mes. Sabemos que esta peza é da fundición Malingre pola súa marca.

A fundición Malingre elaborou polo menos tres tipos de potes: os correntes como este, os boca-ancha e os chamados «potes Malingre». Tamén fabricou outros recipientes de cociña como marmitas, potas e tarteiras, ademais de filloeiras.

Este é un pote de tipo corrente, unha vasilla de ferro redonda, con barriga ancha e boca menos ancha, sobre tres pés, que non son rectos senón que se abren cara ao exterior. Preto da boca ten unha

pequena moldura que o bordea e, xusto debaixo desta, nos seus lados, parte un tubo a ambos os lados, que se creba recto baixando cara á parte superior da barriga, a modo de asa con forma de letra ele (L) invertida. Estas asas apóianse na barriga. A barriga, nunha zona da metade cara á parte inferior, ten un resalte ou pequena moldura que rodea a peza e, entre esta e a boca, cara a un lado e rexistrada dentro dun rectángulo, a marca da fundición MANUEL MALINGRE / FUNDICIÓN / ORENSE.

O pote ten unha tapadeira encaixada na boca, cunha moldura fina e unha asa con forma circular e paralela ao bordo na parte superior.

Todos os potes da fundición Malingre que chegaron ata nós acostuman levar un número, indicativo do seu modelo e que define a súa capacidade. Algúns lévano na barriga e outros na tapadeira. Este está marcado co núm. 5. Mide de alto 58 cm e o diámetro na barriga é de 46 cm. Segundo o díptico comercial de potes que conservamos, o modelo núm. 5 ten unha capacidade de 37 litros.

O museo non posúe datos acerca da data de ingreso desta peza na súa colección, nin da súa procedencia.

A peza participou nunha exposición celebrada en Ourense no ano 2016, titulada: «Alicerces. Evolución urbana de Ourense do século XVI ao XX», organizada polo museo, na que foi utilizada como símbolo da industria na cidade. Son este tipo de recipientes unhas das primeiras pezas industriais que se fabricaron en Ourense.

Aínda que na súa orixe foron creados como utensilios para empregar na cociña, na actualidade perderon a súa función e son empregados con carácter decorativo, con uso, tanto no interior como no exterior das vivendas, moitas veces sen tapa, en ocasións mesmo empregados como xardineiras.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

De martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

Domingo: 9.00 a 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Ana Malingre Rodríguez

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco